

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 8720/2021

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal das prazas de monitor/a deportivo/a - socorrista na piscina municipal.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) *A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...*"

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 5 días hábiles.*

A lista provisional de admitidos e excluídos publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...*"

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO:**

#### A) ADMITIDOS:

	<b>APELLIDOS E NOME</b>	<b>Realización proba de galego</b>
1	ARIAS CORUJO TIFFANY	<b>Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 5 d) bases xerais.</b>



## Concello de Viveiro

	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
2	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	<b>EXENTO</b>
3	LÓPEZ GARCÍA MARTÍN	<b>EXENTO</b>
4	TIMIRAOS GONZÁLEZ LARA	<b>EXENTA</b>

### B) EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	Realización proba de galego
PERNAS PARAPAR CARLOS MANUEL	<p>Non acreditar o requisito sinalado na Base Xeral 5.b):  <i>"(...)Copia da Titulación académica esixida nas presentes Bases do posto que se convoca, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtelo, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.</i>  <b>Asimesmo, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de estar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia..."</b></p>	<b>EXENTO</b>

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 5 días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios dixital e na web do Concello.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

**SEGUNDO.-** Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada por varios aspirantes, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 5 das Bases, e tendo en conta que se require a aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese aos seguintes aspirantes para que subsanen os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de cinco días hábiles.

Apelidos e nome	Subsanación
-----------------	-------------



## Concello de Viveiro

Arias corujo Tiffany	<b>Prazo de 5 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica) que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.</b>
----------------------	--

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

